



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Política social e servizos sociais	Código	615G01308	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es	
Profesorado	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es	
Web	www.sociologia.udc.gal			
Descrición xeral	Esta materia pretende dotar dos conceptos sociolóxicos que permitan ao alumnado comprender e iniciarse no coñecemento, análise e deseño das políticas públicas e dos servizos sociais, desde un enfoque multidimensional; así como traballar en ambos ámbitos de actuación, desde a súa obxectivación, teorización, metodoloxía, xestión e formulación de propostas, para adquirir e aplicar así competencias profesionais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecemento dos contidos teóricos e prácticos sociolóxicos sobre políticas sociais e servizos sociais	A1 A4 A24	B5 B12 B27
Comprensión dos fenómenos sociais asociados ás políticas sociais e aos servizos sociais	A1 A4 A15 A17 A18 A21 A24 A32 A36	B3 B5 B11 B12 B27	C4 C6 C8
Aplicar os coñecementos e a súa comprensión ao ámbito das políticas sociais e dos servizos sociais	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24	B3 B5 B12 B14 B27	C6 C8



Identificación de necesidades sociais e análise de políticas sociais e de servizos sociais	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21		
Síntese dos coñecementos e da súa comprensión e aplicación ao estudo e intervención sobre a realidade social relacionada coas políticas sociais e os servizos sociais.	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36	B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27	C4 C6 C8
Avaliación das situacións de necesidade social, así como das políticas sociais e dos servizos sociais	A1 A4 A14 A15 A17 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36	B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27	C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1 INTRODUCCIÓN E TERMINOLOXÍA	1.1. Concepto de Necesidade 1.2. Desexos e Demandas 1.3. Concepto de Ben 1.4. Concepto de Servizo 1.5. Concepto de Asistencia 1.6. Concepto de Interese Público 1.7. Concepto de Comunidade
TEMA 2 IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES SOCIAIS	2.1. Modelos de avaliación de necesidades. 2.2. Medidas protectoras inespecíficas das necesidades sociais 2.3. Medidas protectoras específicas das necesidades sociais



TEMA 3 A POLÍTICA SOCIAL: CONCEPTO, DESENVOLVEMENTO E REALIZACIÓN	3.1. Concepto. 3.2. Desenvolvemento. 3.3. Realización das políticas sociais.
TEMA 4 A XESTIÓN SOCIAL	4.1. O papel do xestor social 4.2. Elementos que estruturan a xestión social. 4.3. Xestión dos Servizos Sociais.
TEMA 5 INSTRUMENTOS PROFESIONAIS DA XESTIÓN SOCIAL	5.1. O diagnóstico participativo
TEMA 6 O ESTADO DE BENESTAR E A SÚA MEDICIÓN	6.1. Tipoloxía dos Estados de Benestar 6.2. A medición do Benestar Social
TEMA 7 DEFINICIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS	7.1. Conceptualización
TEMA 8 SERVIZOS SOCIAIS E DEREITOS SOCIAIS: A SEGURIDADE SOCIAL	8.1. Dereitos e Servizos Sociais 8.2. A Seguridade Social
TEMA 9 PRESTACIÓNS E SERVIZOS SOCIAIS: DESDE A ATENCIÓN INDIVIDUAL Á PLANIFICACIÓN DO VOLUNTARIADO	9.1. A intervención na xestión e o goberno do sistema público de servizos sociais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A24 A26 B5 B12 B13 C4 C6 C8	5	10	15
Discusión dirixida	A1 A4 A18 A24 A36 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B27 C4 C8	3	7	10
Análise de fontes documentais	A1 A4 A14 A17 A18 A21 A26 B3 B5 B12 B14 C6	3	12	15
Lecturas	A1 A4 A15 A17	2	13	15
Traballos tutelados	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A21 A24 A26 B3 B5 B27 C4 C6 C8	3	10	13
Aprendizaxe colaborativa	A32 B1 B4 B12 B13 B14 B27	3	9	12
Obradoiro	A4 B1 B4 B12 B14	10	15	25
Presentación oral	A14 A15 A17 A24 A26 A32 B1 B3 B5 B13	1	9	10



Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36 B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27 C4 C6 C8	13	20	33
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender a asignatura e para levar a cabo o traballo de investigación.
Discusión dirixida	Trátase de levar a cabo debates nas clases sobre temas da realidade das políticas e dos servizos sociais, requeríndose a participación e o interese do alumnado. Tanto na fase expositiva da asignatura como na parte de traballos titorizados ou da propia investigación a levar a cabo o debate, tanto particularizado como colectivo, se plantexa como unha ferramenta pedagóxica moi útil.  Nesta parte da asignatura tamén se procura fomentar o traballo e espírito de equipo, noutras palabras, desenvolver a chamada intelixencia social; de xeito que o alumnado poda ver por sí mesmo as vantaxes de xuncir esforzos, fronte á empresa individual. Para acadar isto, así como para o conxunto da asignatura, se presenta o contido referido á parte práctica, no que tamén resulta fundamental a discusión dirixida, tanto nas clases como nas titorías.
Análise de fontes documentais	Tanto no coñecemento dos contidos da asignatura como para a realización dos traballos e a investigación, resulta necesaria a familiarización, consulta e coñecemento das diferentes fontes de información secundaria, entre as que nesta asignatura destacan indicadores, bases de datos, informes, estatísticas, etc.
Lecturas	Lectura, por parte do alumnado, de textos fundamentais ou relacionados coa asignatura, entre os indicados polo profesor e, no seu caso, propostos polo propio alumnado; así como aqueles outros necesarios para levar a cabo os traballos titulados e a investigación final.
Traballos tutelados	Para a elaboración do traballo de investigación, establécense partes, entregas e titorías específicas, de xeito que a parte práctica da asignatura consistirá basicamente no desenvolvemento destas titorías. O alumnado deberá pasar por elas, tanto para ir conformando os contidos das diferentes partes da investigación principal como para facer as entregas das diferentes partes da mesma, segundo o calendario que se determine. Ditas partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análises e conclusións. Estas partes se entregarán en prazo en formato arquivo mediante correo electrónico.
Aprendizaxe colaborativa	Esta materia trata de contribuir ao desenvolvemento do que se coñece como intelixencia social, xa que está demostrado que é un pilar básico do noso devir e unha das ferramentas principais da nosa existencia. De aí que se trate de dar un enfoque da aprendizaxe deixando a concepción dominante de que se trata de algo individual, tratando de dar a perspectiva máis axeitada desde o enfoque colaborativo.
Obradoiro	As clases plantéxanse basicamente como un obradoiro de traballo, no que o alumnado sexa directamente responsable dos distintos procesos de aprendizaxe (búsqueda de información, selección, tratamento, análise, tempos, etc.), ademais de familiarizarse co modus operandi do traballo sociolóxico neste ámbito.
Presentación oral	Como parte do traballo, aprendizaxe e da avaliación, o alumnado deberá expoñer de forma individual a súa aportación, de maneira que, ademais de constituir unha proba máis de cara á avaliación final, tamén adquira experiencia e habilidades para falar e expor en público.



<p>Investigación (Proxecto de investigación)</p>	<p>A asignatura consiste na demostración por parte do alumnado do que sabe facer, polo que o proxecto de investigación e o seu resultado constitúen o eixo central tanto do traballo a desenvolver como da avaliación da asignatura.</p> <p>Trátase da elaboración dun traballo individual ou en equipo, que se concertará co profesor, dentro dunha relación ampla de temas posibles: poderá ser de carácter xeral ou específico sobre algún aspecto concreto da realidade das políticas e servizos sociais.</p> <p>Este traballo deberá ser teórico práctico. É dicir, na parte teórica se explicitarán aqueles contidos vistos en clase e outros recopilados polo alumnado sobre a información existente sobre o tema escollido, para dominalo e que non se den repeticións nin erros. Mentras que a parte práctica ou empírica deberá reflectir a información primaria que aporta o alumno/a sobre o tema (ben perante técnicas de recollida de información, como son as enquisas, entrevistas, grupos de discusión, etc. ou ben perante a observación, experiencias ou outras aportacións).</p> <p>O traballo entregárase en arquivo adxunto perante correo electrónico.</p>
--	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación)</p>	<p>A realización dos traballos, tanto por partes como a investigación final, requiren asistencia e titorías para orientar e acordar os contidos e obxectivos. En concreto, estamos a falar da axuda na elección do traballo de investigación, asesoramento en canto a fontes de información, consellos prácticos para a obtención de información primaria, supervisión dos tempos de entrega e de realización do traballo de investigación, etc.</p> <p>Asimesmo, parte do tempo das clases se adicará a responder ás preguntas, dúbidas e demais cuestións do alumnado. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A21 A24 A26 B3 B5 B27 C4 C6 C8	<p>De cara ao proxecto a investigación final, establécense unha serie de fases ou etapas de traballos tutelados, que deberán informarse ao profesor e entregarse dacordo ao calendario establecido a este efecto.</p> <p>Estas fases e/ou partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións.</p> <p>As entregas periódicas das diferentes fases e partes do traballo de investigación terán carácter obrigatorio e serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento de ditos prazos de entrega.</p>	20
Obradoiro	A4 B1 B4 B12 B14	<p>A colaboración e o traballo en equipo son habilidades e méritos a ter en conta, de cara a unha mellor integración e contribución en futuros postos profesionais, que son principalmente en colectivos, tipo empresas, gabinetes, organismos, institucións, oficinas, etc. De aí que se teña en conta o desenvolvemento, interese, participación e convivencia cos compañeiros por parte do alumnado.</p>	30
Presentación oral	A14 A15 A17 A24 A26 A32 B1 B3 B5 B13	<p>Aínda que se trate de levar a cabo traballos de carácter colectivo ou integrados dentro dun entorno social determinado, tamén é necesario que o alumnado tome conciencia da súa contribución ao mesmo e saiba reivindicalo e expoñelo. De aí que se avalíe a presentación ao resto da clase dos respectivos traballos e/ou aportacións por parte do alumnado, de xeito individual.</p>	10



Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36 B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27 C4 C6 C8	O alumnado, de forma individual ou colectiva, realizará o traballo/proxecto de carácter teórico práctico, no que se prestará especial atención ás funcións e efectos das políticas sociais e servizos sociais. Este traballo estará dirixido ou titelado polo profesor. O alumnado deberá recoller no mesmo os coñecementos aprendidos, a información secundaria recabada, así como outra de carácter primario que sirva para o propósito da investigación a realizar. Este traballo é a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos titulados.	40
--	---	--	----

### Observacións avaliación

Esta asignatura está plantexada para ser cursada presencial e participativamente, xa que a súa avaliación na convocatoria ordinaria pretende ser o máis integral posible (coñecementos teóricos adquiridos, traballo práctico ou habilidade técnica, interese, actitude, etc.). De ahí que a asistencia e a participación sexan tidas en conta á hora da avaliación.

A non asistencia ao 80% de las clases supón automaticamente que non se pode avaliar mediante este proceso e metodoloxía de claro carácter continuo, pasando por tanto a opción da avaliación mediante a proba ou probas obxectivas contempladas no calendario académico correspondente. Nos casos de realización de prácticas ou outras causas debidamente xustificadas, a porcentaxe necesaria de asistencia para poder ser avaliado mediante o sistema exposto nesta guía docente poderá ser do 60%, sempre e cando se acorde co profesor un seguimento ou calquer outra forma para suplir as ausencias.

A avaliación baséase sobre todo na elaboración dun traballo teórico-práctico; sendo a asistencia, o interese, a participación, as valoracións propia e dos demais compeñeiros e a exposición oral pública os outros pilares para a avaliación da asignatura.

O traballo poderá ser individual ou colectivo, ponderándose a avaliación en base ao número de autores. Se ben se postula como fórmula ou indicación preferente a realización do traballo de maneira colectiva, en formato obradoiro e nas horas lectivas.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a asignatura na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituída por unha avaliación continua.

Para o resto de convocatorias haberá unha proba escrita ou examen, no que, ademais dos contidos teóricos explicitados nesta guía e con base na bibliografía tamén exposta, se inclúe un soposto de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua.

Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

Básicamente, e para dicilo dun xeito sinxelo, trátase de ensinar e aprender esta materia cun plantexamento parecido ou imitando aos lugares de traballo sociolóxico, de maneira que o alumnado desenvolva capacidades de autoxestión e se familiarice con estes procesos, de cara a súa mellor integración e desenvolvemento no mercado laboral. De aí tamén que a figura do profesor se centre máis na orientación, guía, supervisión, corrección e estímulo durante as xornadas de traballo en clase.

### Fontes de información



## Bibliografía básica

- Montagut, Teresa (2000). Política Social. Una introducción. Barcelona: Ariel
- Salvador Giner, Sebastián (1997). Buen gobierno y política social . Barcelona : Ariel
- Alemán Bracho, Carmen y Fernández García, Tomás (comp.) (2006). Política social y estado de bienestar . Valencia : Tirant lo Blanch
- Casado, Demetrio (2001). Manual de servicios sociales. Madrid: CCS
- Fernández García, Tomás y Antonio Ares Parra (coords.) (2002). Servicios sociales dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza
- Howard, E. (1981). Investigación social y política social. Madrid: Tecnos
- Titmuss, Richard (1981). Política Social. Barcelona, Ariel
- Doyal, Len e Gough, Ian (1994). Teoría de las necesidades humanas. Madrid: Fuhem - Icaria
- Espada, João Carlos (1999). Derechos sociales del ciudadano. Madrid: Acento Editorial
- Bradshaw, Jonathan (1972). The concept of social need. New York: New Society (University of York)
- Ashford, Douglas E. (1989). La aparición de los estados de bienestar. Madrid: Ministerio de Trabajo y de Seguridad Social
- Sping-Andersen, Gosta (1990). Three Worlds of Welfare Capitalism. Cambridge: Polity Press
- Midgley, James (2014). Desarrollo social: teoría y práctica. Madrid: Fundación General de la Universidad Politécnica
- González Radío, Vicente (2004). La producción social de la solidaridad y el voluntariado. Pontevedra: Deputación de Pontevedra
- Midgley, James y Livermore, Michelle M. (2008). The Handbook of Social Policy . Londres: Sage
- Midgley, James (1997). Social Welfare in Global Context. Newbury Park, CA: Sage
- Titmuss, Richard (1973). Choice and ?the Welfare State?. Commitment to Welfare. Londres: Allen & Unwin.
- Mishra, Ramesh (1992). El Estado de Bienestar en Crisis: Pensamiento y Cambio Social. Madrid: Ministerio de Trabajo y de Seguridad Social
- Sping-Andersen, Gosta (2010). Los tres grandes retos del Estado de Bienestar. Madrid: Ariel
- Varios Autores (Ferrara, Giddens, etc.) (2008). Un modelo social para Europa. Valencia: Universidad de Valencia
- Olson, Mancur (1992). La lógica de la acción colectiva: bienes públicos y la teoría de grupos. México: Limusa
- Alemán Bracho, Carmen (coord.): (2010). Fundamentos de servicios sociales. Valencia: Tirant lo Blanch
- Alemán Bracho, Carmen (coord.): (2007). Política Social. Madrid: McGraw-Hill



## Bibliografía complementaria

- Kotler, Philip (1982). Marketing for non-profit organizations. New Jersey: Prentice Hall
- Edwards, W. y Newman, J. R. (1982). Multiattribute evaluation. Newbury Park, CA: Sage
- Marti-Costa, S. y Serrano-García, L. (1983). Needs assessment and community development: An ideological perspective. *Prevention in Human Services*, 3
- Witkin, B. R. (1977). Need assessment kits, models and tools. *Evaluations Technology*, 17
- Keeney, R. L. y Raiffa, H. (1976). Decisions with multiples objectives: Preferences and value tradeoff. . New York: John Wiley
- Pitz, G. F. y McKillip, J. (1984). Decision analysis for program evaluators. Newbury Park, CA: Sage
- Weiss, C. H. y Bucuvalas, M. J. (1980). Social science research and decision making. New York: Columbia University Press
- Cook, T. D. y Campbell, D. T. (1979). Quasi-experimentation: Design and analysis of issues for field settings. Chicago: Rand McNally
- Wilensky, H.L. y Lebaux, C. N. (1965). Industrial Society and Social Welfare. Nueva York: Russell Sage
- Kahneman, D.; Slovic, P., y Tversky, A. (eds.) (1982). Judgment under uncertainty: Heuristics and biase. Cambridge: University Press
- Alemán Bracho, Carmen y Trinidad Requena, Antonio (2012). Evaluación de servicios sociales. Navarra: Civitas
- Alemán Bracho, Carmen; Alonso Seco, José María y García Serrano, Mercedes (2011). Servicios sociales públicos. Madrid: Tecnos
- Alemán Bracho, Carmen y Trinidad Requena, Antonio (2006). Servicios sociales: Planificación y evaluación. Navarra: Thomson-Civitas
- Castillo Gallardo, María del (2006). Manual de servicios sociales comunitarios. Madrid: Síntesis
- Díaz Martínez, José Antonio y María José Salvador Pedraza (coords.) (2000). Nuevas perspectivas de los servicios sociales. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia
- Fernández García, Tomás y Antonio Ares Parra (coords.) (2002). Servicios sociales dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza
- Moreno, Luis (1992). Política social y estado del bienestar. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales
- Para máis información: - Almarcha, A., Pascual, M., Campello, L., Cristóbal, P., ?Integración laboral de personas con discapacidad: Una perspectiva local?, en MAP, Evaluación y Calidad en las organizaciones públicas, (Madrid, MAP, 2005) - Andreu, J. et al.: Sociología de la discapacidad. Exclusion e inclusion social de los discapacitados. Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, nº45 (2003): 77-107. - Bazo, M.T.: La sociedad anciana, Madrid: CIS, 1990
- Bowling, A.: La medida de la salud: Revisión de las escalas de medida en la calidad de vida, Barcelona: Masson, 1994 - CERMI: Discapacidad y exclusión social en la Unión Europea, tiempo de cambio, herramientas para el cambio: Informe definitivo. Madrid:CERMI, 2003 - Cokerman, W.C.: Sociología de la medicina, Madrid: Prentice Hall, 2002 - COLECTIVO IOE/CIMOP: Discapacidad y trabajo en España. Estudio de los procesos de inclusión y exclusión social de las personas con discapacidad. Madrid: IMSERSO 1997. - COLECTIVO IOE ( W. Actis, L. Pereda, y M.A. Prada): Salud y estilos de vida en España. Un análisis de lo cambios ocurridos en la última década, Madrid: FUNCAS, 2004 - Cortina, A.: Ética mínima, Madrid: Tecnos, 2006 - Cuevas Díaz, M.: Imagen de los discapacitados en la literatura tradicional. Badajoz: Diputación de Badajoz, Departamento de Publicaciones, 2005. - Díez Nicolás, J.: Opinión pública: dependencia y discapacidad, pp. 61-101, en Sánchez Fierro, J. (comp.). Libro Verde sobre la dependencia en España Madrid: Grupo de Trabajo «Dependencia» de la Fundación AstraZeneca 2004). - Durán Heras, M.A.: Los costes invisibles de la enfermedad, Madrid: Fundación BBVA, 1999 - Fundación PAIDEIA: Discapacidad y sociedad. Madrid: Morata, 1998. - Garcés Ferrer, J.: La nueva sostenibilidad social. Bases teóricas del modelo sociosanitario, Barcelona: Ariel, 2002. - Goffman, E.: Estigma. La identidad deteriorada. Buenos Aires: Amorrortu 1995. - Goffman, E.: Internados: Ensayos sobre la situación social de los enfermos mentales. Buenos Aires: Amorrortu 1994. - González Radio, Vicente: La producción social de la solidaridad y el voluntariado. Pontevedra: Deputación de Pontevedra 2004 - Gorri Goñi, Antonio (1995): La intervención psicosocial en política social y servicios. Madrid: Libertarias/Prodhufi - Jaraíz Arroyo, Germán: Intervención social, barrio y servicios sociales comunitarios. Madrid: Fundación FOESSA: Cáritas Española, 2011. - Informe GAUR: La situación de los ancianos en España, Madrid: Confederación Española de Cajas de Ahorro, 1975 - INICO/Universidad de Salamanca: Investigación, innovación y cambio. V Jornadas Científicas de Investigación sobre Personas con Discapacidad. Salamanca: Amarú, 2003. -





INSERSO: Plan Gerontológico, Madrid, 1993 - Martínez, L. et al. (eds.): Exclusión social y discapacidad. Madrid: Universidad Pontificia de Comillas/Fundación Promi, 2005). - Ministerio de Sanidad y Consumo Indicadores de salud, Madrid, 1990 - Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: Libro Blanco de la Dependencia, Madrid, 2005 - Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: El sistema público de servicios sociales. Madrid: 2000 - Navarro Rubio, M.D.: Encuestas de Salud, Madrid: CIS, 1995 - Oliver, M.: Una sociología de la discapacidad o una sociología discapacitada?, en Barton, L. (comp.), Discapacidad y Sociedad, Madrid: Morata 1998). - Ortiz, T.: ?El género, organizador de las profesiones sanitarias? , Miqueo, A., et al (eds), Perspectivas de género en salud, Madrid: Minerva, 2001 - Pérez Bueno, L.C.: El desmantelamiento de la discapacidad y otros escritos vacilantes Barcelona: El Cobre, 2004 - Regidor, E., Gutierrez-Fisac, J.L. y Rodríguez, C.: Diferencias y desigualdades en salud en España, Madrid: Díaz de Santos, 1994 - Rodríguez Cabrero, G. y Codorniu, G.: Modelos de atención sociosanitaria. Una aproximación a los costes de la dependencia. Madrid: Insero, 2002 - Rodríguez Rodríguez, P.: ?El apoyo informal en la provisión de cuidados a las personas con dependencia. Una visión desde el análisis de género? en Forum de Política Feminista, Ley de Dependencia y Educación infantil como medidas de conciliación de la vida laboral y familiar; Madrid, 2004 - Roldán García, Elena y Teresa García Giráldez: Políticas de servicios sociales. Madrid: Síntesis, 2006. - Ruiz Ortega, M., Cabra de Luna, M.A.: Las múltiples dimensiones de la discapacidad estudios en homenaje a Manuel Ruiz Ortega. Madrid: Escuela Libre Editorial, 2003). - Sánchez Asín, A: Tecnologías de la información y comunicación para la discapacidad. Málaga: Ediciones Aljibe 2004. - Sánchez Fierro, J. (comp.): Libro Verde sobre la dependencia en España. Madrid: Grupo de Trabajo «Dependencia» de la Fundación AstraZeneca 2004. - Savater, F.: El valor de elegir, Barcelona: Ariel, 2003 - Sontang, S.: La enfermedad y sus metáforas, Madrid: Suma de Letras, 2003 - Zaragozá, J. V. et al.: Servicios sociales e interdisciplinariedad. Benicull de Xúquer, Valencia: Setimig, 1999.



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Socioloxía da familia/615G01305

Socioloxía da saúde e a enfermidade/615G01307

Socioloxía das migracións/615G01410

/

### Materias que continúan o temario

Métodos e técnicas de Investigación social/615G01105

Psicoloxía social/615G01108

Estrutura e cambio social/615G01208

Análise demográfica/615G01301

Estrutura e cambio social de Galicia/615G01412

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías